



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Resolución da Presidencia do 28 de xuño de 2017

Vista a necesidade de prover vinte funcionarios interinos para a execución dun programa de carácter temporal por periodo de cinco meses para a realización de tarefas de prevención de incendios forestais.

Visto que mediante Resolución da Presidencia do 19.06.2017 aprobáronse as Bases para o nomeamento temporal de vinte funcionarios interinos integrados na escala de Administración especial; subescala de servizos especiais; persoal de oficios; agrupacións profesionais; peóns traballadores forestais, ao concorrer o suposto establecido no artigo 10 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en adiante Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro) (execución do programa de carácter temporal) por un periodo de cinco meses.

Visto que resulta preciso determinar a xornada a realizar por parte dos aspirantes que sexan seleccionados.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

RESOLVO:

1.Determinar unha xornada de seis horas diarias (trinta horas semanais) dos vinte funcionarios interinos integrados na escala de Administración especial; subescala de servizos especiais; persoal de oficios; agrupacións profesionais; peóns traballadores forestais.

2.Ordenar a publicación da presente Resolución nas páxinas web do Concello (www.concellodecotobade.org e www.cerdedo.es) e no Taboleiro de Edictos do Concello onde se fan públicas as incidencias do proceso selectivo para o coñecemento de todos os aspirantes seleccionados

Cerdedo-Cotobade 28 de xuño de 2017

O Presidente

O Secretario

Jorge Cubela López

Miguel Rodríguez de Vicente -Tutor